

PÉNSOTE, CAMELIA,
aledando xardíns de infancia
e pronúnciote de nome
para ser un puro soñar de cores
no amantiño caer das horas
cando os nosos ollos te celebran
nesa elegante arquitectura
salferida de aroma e transparencia.

PÉNSOTE EN CAMPOLONGO
ataviada de pétalas
en acendido tacto de beleza
e para sempre rendida á fermosura
no feitío floral das harmonías.

POR MARZO PÉNSOTE
conxugada de matices
en poemario de agarimos
e co teu rostro atesourado
de fantasía cromática
acariñando a nosa escola
polo decidido confin dos espazos
con raíces de beizo na mirada.

Xabier Barros Castro



C/ General Rubin, nº3 - 36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 855 288 - Fax: 986 850 558
E-mail: ceip.campolongo@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/ceipcampolongo>



ANPA San Xosé
de Campolongo



SAÚDO DO DIRECTOR

Presentamos a "XI MOSTRA DA CAMELIA" coa vocación de promover a difusión e o coñecemento deste prezado ben do noso patrimonio común e de render homenaxe a flor máis fermosa da nosa terra.

Desde a escola seguimos apostando por este evento, que transcende os lindes do estritamente académico, renovando con esta celebración o compromiso de potenciar e dinamizar este proxecto didáctico, e de paso, compartir esta experiencia con toda a Comunidade Educativa, dada a súa importancia divulgativa e formativa.

As camelias do CEIP Campolongo reinvéntanse cada marzo, debuxando un escenario de paisaxismo efémero polos corredores, coas composicións florais enfeitizando a tódolos admiradores, nun estalo de emocións, e cos traballos dos rapaces configurando unha linguaxe artística que arrequece de creatividade e maxia os espazos.

Celebramos esta exposición coa arela de que cada visitante se sinta un pouco dono da fermosura que abarca co seu mirar, nese estoupido colorista cheo de expresividade e simboloxismo que adquire a categoría de obra mestra.

Agradecemos o entusiasmo e a colaboración que ininterrompidamente veñen prestando os expositores, que xunto coas xenerosas axudas de organismos oficiais, nos permiten consolidar e manter vivo o interese por esta mostra de arte vexetal en toda regra.

Se tedes a feliz idea de visitarnos, atoparédesvos gozando dun improvisado xardín cargado de efectos visuais e matices, un acontecemento onde as pétalas conforman un privilexiado agasallo que nos convida a unha viaxe lúdica en continuo latexo a través dos sentidos, nun percorrido agarimoso e único, que deixa as nosas meniñas sorprendidas e ilusionadas en colorido lírico.

As luxosas camelias do CEIP Campolongo habitan ledas no pensamento e se fan sentir na memoria coma flores dunha illa que camiña polos océanos da imaxinación.

O Director do Colexio
José Manuel Sánchez Moure

XI EXPOSICIÓN DA CAMELIA

PROGRAMA DE ACTOS

Campolongo, 19 de Marzo de 2013

- 12,30 h. - Apertura os centros de ensino da exposición.
- 16,00 h. - Reunión do xurado e valoración dos lotes de flores.
- 16,30 h. - Apertura o público da exposición.
- 18,00 h. - Acto de inauguración.
 - Recepción autoridades e percorrido pola exposición.
 - Intervención de autoridades.
 - Lectura da acta de premiados.



XXI Exposición da Camelia

19 - 20 - 21 marzo 2013

CEFP de Campolongo



C/ General Rubín, n.º 3 - 36001 PONTEVEDRA
Teléfono: 986 855 288 - Fax: 986 850 558
E-mail: cefp.campolongo@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/cepcampolongo>



Deputación
Pontevedra



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

ANPA San Xosé
de Campolongo



www.dibaysl.com
www.dibayeventos.com



XI EXPOSICIÓN DA CAMELIA

1º) Os días **19, 20 e 21 de marzo de 2013** terá lugar no **CEIP de Campolongo** a **XI Exposición da Camelia**.

2º) Poderán concorrer todos os alumnos e alumnas do centro.

ou híbridos. Admítese calquera forma de flor, dende a sinxela ata a dobre formal e tódalas formas intermedias de variedades.

4º) Concederanse 3 premios para as seguintes modalidades:

a) Flores

b) Presentación artística (sendo libre o número de flores)

5º) Os concursantes presentarán os lotes de flores na sala de exposicións, entre as **9:00 e 13:00 horas do día 19** de marzo; non poderán retiralos, sen autorización, antes das 18 horas do día 21 de marzo.

6º) A inauguración da exposición terá lugar para vista de alumnos dos centros de educación de Pontevedra ás 13:00 horas do día 19 de marzo e para o público terá lugar ás 16:30 horas e darase lectura ó dictame do Xurado do concurso ás 18:00 horas.

7º) Convócanse así mesmo concursos de redacción, poesía, debuxo e pintura, traballos manuais e de fotografía, baixo o lema:

"Fantasía de Camelia"

Neste concurso concederanse tres premios, para cada unha das modalidades anteriores. Os traballos deberán ser entregados á Coordinadora de Actividades Complementarias antes do día **15 de marzo** para ser expostos na sala de exposicións.

8º) A comisión organizadora e o Xurado, estará composto por membros da comunidade educativa do centro, e presidida por dona Carmen Salinero, bióloga da Estación Fitopatolóxica do Areeiro e presidenta da Asociación Española da Camelia. Dito Xurado poderá declarar desertos os premios establecidos, se as flores ou traballos presentados non alcanzasen o nivel requirido.

9º) Os concursantes, polo feito de solicitar a inscrición, declaran coñecer e aceptar integramente estas bases e someterse ás decisións do Xurado e da comisión organizadora, segundo as súas diversas competencias. Os dictames do Xurado serán inapelables. Poderase solicitar calquera aclaración sobre as Bases á comisión organizadora.

Pontevedra, marzo de 2013

